



Concello de Betanzos
Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 26 DE OUTUBRO DE 2021

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón Azul do Edificio Liceo, o próximo martes 26 de outubro de 2021 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión no Salón Azul do Edificio Liceo é debido a poder manter as distancias de seguridade para cumprir as medidas establecidas en materia de protección fronte á Covid-19

SEGUNDO. Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA** para a devandita sesión:

- 1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.*
- 2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.*
- 3. Aprobación inicial, se procede, da ordenanza municipal reguladora de ruidos e vibracións*
- 4. Aprobación inicial, se procede, da ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos*
- 5. Servizo de mañanceiros e comedor do CEIP Vales Villamarín*
- 6. Moción do PP para adopción de medidas para a rebaixa do prezo da luz*
- 7. Moción do PP relativa á asignación de subvencións nominativas*
- 8. Moción do BNG relativa ao funcionamento do Porto de Betanzos.*
- 9. Moción do BNG sobre o centenario do nacemento de Antolín Faraldo Asorey*
- 10. Rogos e preguntas*

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE
A alcaldesa O Secretario



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés